

# FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR 2022/2023

Estimadas familias:

O obxecto da presente circular é informalos da apertura da convocatoria de solicitude de Fondo de Libros e Axudas para Material Escolar na ESO para o vindeiro curso 2022/2023 (Orde de 29 de abril de 2022, publicada no DOG do 18 de maio de 2022).

## 1. CONTÍA DAS AXUDAS:

- Alumnado con renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6000 euros**: CHEQUE DE 50 EUROS PARA MATERIAL ESCOLAR E 6 LIBROS DE TEXTO.
- Alumnado con renda per cápita familiar **superior a 6000 euros e igual ou inferior a 10000 euros**: 4 LIBROS DE TEXTO

**IMPORTANTE:** Se o centro dispón de exemplares de libros sobrantes, repartiraos entre todo o alumnado.

## 2. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario deberán devolver os libros de texto do presente curso 2021/2022. A non devolución dos mesmos será causa de exclusión da participación do Fondo Solidario e das Axudas no curso 2022/2023.

O centro informará nas titorías e tamén a través da páxina web das condicións e datas nas que se realizará este curso a devolución de libros de texto.

## 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

**A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022/2023.**

O impreso da solicitude estará dispoñible:

- No portal educativo, enderezo <https://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>
- Nas dependencias das Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B&ano=2022&numpub=1&lang=gl>
- Na Secretaría do IES Ramón Caamaño en formato papel.
- Na páxina web do IES Ramón Caamaño:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncaamano/>

**IMPORTANTE:** No caso de que se tramite a solicitude por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

#### 4. PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes comeza o xoves 19 de maio de 2022 e rematará o día 22 de xuño de 2022.

#### 5. DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Impreso da solicitude (Anexo I da Orde) correctamente cuberto.
- Impreso de comprobación de datos dos membros computables (Anexo II da Orde)
- Copia do libro de familia onde aparecen todos os membros da unidade familiar.

\*Consultar situacións especiais na Orde (divorcio, discapacidade, violencia de xénero...)

#### 6. PUBLICACIÓN DE LISTAXES

- As LISTAXES PROVISIONAIS publicaranse o 11 de xullo de 2022.
- O período de RECLAMACIÓN abranguerá os días 12 a 13 de xullo de 2022.
- As LISTAXES DEFINITIVAS publicaranse o 22 de xullo de 2022



En Muxía, a 19 de maio de 2022